

CIRCULAR DO GRUPO DE TRABALLO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

11 DE OUTUBRO DE 2023

Prezadas compañeiras/compañeiros:

En primeiro lugar, quérovos pedir desculpas por enviar unha circular co curso avanzado, unha circular que pretende aclarar algúns aspectos da proba do vindeiro ano. Este pasado mes de setembro, como sabedes, houbo cambios na composición do grupo de traballo, comezando pola dirección, e a súa composición definitiva non se pechou ata a última semana de setembro. Ademais, estivemos a agardar ata hoxe día 11 de outubro por posibles novidades do Ministerio que puidesen afectar o modelo de exame. Estes feitos demoraron a publicación.

Como xa se indicou na circular do 15 de setembro, na ABAU de 2024 os currículos estarán determinados, salvante instrución noutro sentido, pola *Lei de educación 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación (LOMLOE)*, así como polo *Real Decreto 423/2022, do 5 de abril, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato* e o *Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG do 26 de setembro de 2022). Concretamente, os cambios no currículo que se determinan para segundo de Bacharelato neste último decreto mencionado motivarán parte das indicacións que contén esta circular.

Cómpre salientarmos o seguinte:

1. Non hai cambio, como se indicou o 15 de setembro, no modelo xeral de exame, malia introducírense por bloques algunhas modificacións derivadas do Decreto 157/2022. (Véxase apartado 2).

MODELO DE EXAME

Volveranse presentar 6 preguntas, cun valor de 2.5 puntos cada unha, para responderen 4 en combinación libre. Mantense neste modelo a presentación dos bloques que se fixo en exames anteriores, malia no Decreto cambiaren na súa denominación e ordenación.

TEXTO DE INICIO (literario ou xornalístico).

BLOQUE 2. Comunicación. / [Matriz 2023. Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir]

- Pregunta 1. Comprensión do texto.

Está dividida en tres apartados:

- 1.1.: Resumo / esquema / ideas principais e secundarias / intención comunicativa / tema. (0.5 puntos).
- 1.2.: Definición de palabras ou explicación de expresións tiradas do texto (1 punto).
- 1.3. Recoñecemento de elementos cohesivos. (1 punto).
- **Pregunta 2. Producción textual**
Redacte un texto baseado nalgún aspecto salientable do texto de inicio (Extensión aprox. 200-250 palabras) (2,5 puntos).

• **BLOQUE 4. Reflexión sobre a lingua./ [Matriz 2023. Bloque 3. Funcionamento da lingua]**

Pregunta 3. Preguntarase sempre en contexto, é dicir, sobre elementos do texto de inicio. Esta pregunta estará baseada en cuestións de sintaxe, morfoloxía, semántica, fonética e fonoloxía presentes no currículo, e distribuirase en distintos apartados cun valor total de 2.5 puntos.

• **BLOQUE 1. As linguas e os seus falantes. / [Matriz 2023. Bloque 4. Lingua e sociedade]**

- **Pregunta 4. Lingua e sociedade.**
O alumnado debe ser quen de aplicar os conceptos teóricos aprendidos neste bloque á análise dun estímulo, que pode ser unha viñeta, un texto breve, un gráfico etc. Presentaranse 2 opcións para escolleren 1. (Extensión aprox. 250 palabras) (2.5 puntos).

• **BLOQUE 3. Educación literaria / [Matriz 2023. Bloque 5. Educación literaria]**

- **Pregunta 5 e pregunta 6. Educación literaria.**
Cada unha destas preguntas parte dun breve texto literario (narrativo, poético ou teatral), sobre o que o alumnado debe analizar algunhas características representativas do seu autor ou autora. Ademais, preguntarase tamén por algunha información teórica con respecto a ese mesmo período (contextualización, outros autores ou autoras da época e algunha das súas obras etc.). Sempre se facilitará a información sobre o autor/a do texto, así como o título e ano de publicación da obra da que estea extraído. (Extensión aprox. 250 palabras) (2.5 puntos cada unha)

2. **IMPORTANTE:** variacións que se derivan da aplicación do novo Decreto:

1. **Texto de inicio.** Non hai variación. Presentarase un texto literario ou xornalístico.
2. **Bloque 1. As linguas e os seus falantes.** 1. Engádese un novo contido relacionado coas linguas da Península Ibérica, que se limitan ás oficiais e cooficiais. 2. As preguntas sobre a historia da lingua centraranse no galego despois da súa oficialización en 1981.
3. **Bloque 2. Comunicación.** Non hai variación. Dúas preguntas, unha sobre comprensión do texto de inicio; outra sobre produción textual.

4. **Bloque 3. Educación literaria.** Non hai variación. Preguntarase sobre a historia da literatura do século XX e XXI.
5. **Bloque 4. Reflexión sobre a lingua.** Non se preguntará sobre interferencias (entre elas os castelanismos) por non seren contidos de 2º de Bacharelato.

2. Os criterios de corrección do exame serán publicados e estarán asociados a cada exame concreto. No que atinxe á corrección lingüística, aplicaranse os publicados nas “Orientacións e directrices da materia troncal para a ABAU” (Lingua galega e literatura), criterios de avaliación exemplo 1 e 2.

Un saúdo.

Vigo, 11 de outubro de 2023

Xosé María Gómez Clemente
Director do Grupo
xgomez@uvigo.gal